

De cando o rural deixou de ser visto como o pozo de todos os males: o Programa de Estudos en Man Común

When Countryside stopped being viewed as the mother of all evil: The Neighborhood Common Studies Programme

■ Ana Cabana Iglesia

Universidade de Santiago de Compostela

NOTAS BIOGRÁFICAS

Ana Cabana Iglesia é doutora en Historia e profesora no Departamento de Historia da Universidade de Santiago de Compostela. É membro do Grupo de Investigación de Referencia Competitiva “Histagra”. Ten feito estadias de investigación en centros internacionais e nacionais de prestixio como a LSE (Londres), a Universidade Nova de Lisboa, a Universidade Complutense de Madrid e a Universidade Pablo de Olavide de Sevilla. É autora de varias monografías sobre o mundo rural galego durante a ditadura franquista (Xente de Orde, 2010; La derrota de lo épico, 2013) e ten investigado sobre o proceso de cambio político e democratización en Galicia durante a Transición e temáticas referidas á historia agraria da Galicia contemporánea. ana.cabana@usc.es resistencia simbólica das subalternas a través do teatro popular.

Contacto: ana.cabana@usc.es

Oxalá puidera comezar este comentario sinalando que son unha persoa que gusta da calceta. Non é nin de lonxe o caso, pero teríame servido para lograr transmitir a imaxe que me queda despois de ter escoitado a conversa mantida entre Francisco Quiroga e Lara do Pazo. Nela foron deixando fíos a cal máis colorido e brillante para que calquera oínte poida confeccionar coas espitas o punto que máis lle preste e tecer unha peza por forza acaída.

No meu caso, vinme atraída especialmente polos tres aspectos que conforman os pés do pote no que se cocen as esencias de proxectos como o Programa de Estudos en Man Común (PEMAN): rural, comunal e muller. Ata non hai moito as primeiras dúas verbas estarían completamente afastadas do traballo dun colectivo que aposta por non renunciar a ser vangarda no eido da cultura e non ten un perfil de estudo, rescate e posta en valor dunha idealizada “cultura popular” (léase igualmente “cultura campe-

siña”), de aí que eu me centre nelas neste sucinto comentario. Porque podería dicirse sen faltar á verdade que se experimentou un abrupto tránsito no que lograron converterse en referentes non só da proposta cultural que centrou a conversa senón que foron incorporados na trama dunha boa parte dos proxectos culturais que presentan un maior

atractivo no panorama galego actual, como *Espazo Matrioska* (Os Blancos), *Sende* (en Senderiz) ou *Vivir Vilamarín*, por só citar uns cantos.

¿Como son estes proxectos, estes laboratorios e espazos de cultura que priman o rural como sinal de identidade? Se tiveramos a pretensión de definilos sen dúbida deberíamos comezar por destacar ante todo a súa intrínseca pluralidade de formulacións, así co-

mo un contido esencialmente social. Son propostas tremendamente orixinais xa sexa polo seu carácter alternativo, que non oposto ó que se nos ofrece dende as institucións ou dende organigramas máis formais (de feito conviven coas iniciativas de Museos, Univer-

“Estes grupos amosaron a súa confianza nas posibilidades de auto-organización, cooperación e xestión comunitaria que están na base das fórmulas de convivencia e xestión de recursos das comunidades rurais.”

sidades, etc.), xa polo rompedoras das súas actuacións, que en ocasións nos permitiría mesmo empregar o termo de “contracultura” para nomealas. Trátase de iniciativas que presentan un enfoque de traballo que, permítasenos o uso de anglicismos, priman un enfoque *bottom-up* en detrimento das fórmulas moito máis transitadas de *top-down*, co que as actuacións que levan a cabo son “para”, pero tamén “con” e “desde”. Comparten así mesmo unha dimensión local, non entendido isto como restrición xeográfica, senón no relativo a un exercicio construído tendo as lóxicas de/sobre un territorio delimitado como lindes. E

igualmente partillan o seu carácter regrado (informal ou formalmente). Están lonxe de ser agrupamentos espontáneos, sen directrices que evidencien os seus obxectivos e manexos, á maneira da normativa consensuada das comunidades rurais a hora de xestionar os seus bens comunais, que fluctúa en relación coas diferentes circunstancias medioambientais, agronómicas, sociolóxicas ou históricas dos mesmos. Isto non supón de por si confusión, senón máis ben complexidade, en liña co propio concepto de comunal que escapa non só á dicotomía público/privado, senón tamén ó par colectivo/individual. Estes grupos amosaron a súa confianza nas posibilidades de auto-organización, cooperación e xestión comunitaria que están na base das fórmulas de convivencia e xestión de recursos das comunidades rurais, polo que, a diferenza das institucións, non poñen o acento no desenvolvemento endógeno daquelas, o que vén sendo a insistencia no inevitable cambio que deben levar a cabo, apostan pola capacidade de resiliencia de ditas comunidades, polo seu potencial para acomodar mudanzas sen perder a súa natureza. O rural non ten que transfigurarse para resultar atraínte, seduce polo que é, o que inclúe a disposición á adaptación de innovacións.

PEMAN e outras asociacións, como Rede Imaxinaria, constitúense e achan o seu fundamento en establecer redes, tanto entre colectivos culturais como entre estes e as comunidades nas que se asentan, polo que poderíamos definilos acolléndonos ó concepto de “comunidades aniñadas” que deriva directamente do que Elinor Ostrom

definiu como *nesting principle*, e que evidencia que as comunidades rurais históricas eran un conglomerado de subcomunidades que se organizaban a diferentes niveis, tanto vertical como horizontalmente, e con ou sen unha xerarquización expresa. A difusión acadada polas redes sociais pode facer pensar que constitúen unha invención do momento actual, pero o certo é que existiron sempre, ben é verdade que se conformaron con mecanismos distintos. No rural galego as redes máis densas constitúense aínda de maneira espontánea (ninguén elixe pais, primos, etc.), pero ó longo da vida os individuos van es-

collendo a moitas persoas que os rodean de forma meditada (parellas, amigos, socios, etc.). As redes que estes colectivos xeran e manteñen coas comunidades establécense dunha maneira consciente e o interesante disto é que proxectos como os comentados, no seu labor cultural, axudan a reconstruír lazos sociais específicos e relacións concretas que unen a uns individuos con outros dentro das propias comunidades, cosen e remendan, mesmo suturan enlaces que se volveran crebadizos e inestables. E na maioría dos casos actúan cunha finalidade clara: defender intereses (abstéñanse de ler esta verba só en termos económicos) compartidos. Conseguen construír unha fronte común coa comunidade —e deste xeito convértese en interxeracionais, xa que os seus compoñentes acostuman a ser xente moza e quen habita o rural acostuman a non o ser tanto- e nese proceso redimensionan as redes que sosteñen a esa “comunidade aniñada” resultante (o seu tamaño, a súa densidade, a súa accesibilidade, conectividade e grao de conexión).

Esta reflexión emparenta con outra noción que entendo válida para achegarse a estes proxectos que apostan polo rural se non como “a” solución, si como unha alternativa e, dende logo, non como un “problema”, o de creadores de “capital social”. A significación deste concepto ten sido notoriamente modificada, case podemos dicir que se volveu do revés desde a súa inicial enunciación por Pierre Bourdieu, que a presentaba como un recurso de dominación de clase, ata a súa reformulación por Robert D. Putnam, que é a que nos referimos, quen

“No seu labor cultural, axudan a reconstruír lazos sociais específicos e relacións concretas que unen a uns individuos con outros dentro das propias comunidades”

explicitamente relaciona o desenvolvemento a longo prazo coa densidade do tecido comunitario.

Con todo, non convén perder de vista que nas comunidades, as redes e as institucións sociais non ofrecen unha lectura unívoca en termos positivos. A súa mera existencia non asegura consenso ou cohesión social, senón que abre tamén unha ampla marxe para a disensión e o conflito, tanto cara dentro como cara fóra, e resulta compatible con asimetrías e relacións desiguais. Isto equivale a sinalar que as accións destas agrupacións de individuos preocupados pola cultura e sensibles e

activistas do social non teñen por que ser sempre e en todo lugar valoradas positivamente polas comunidades ás que pretenden chegar e coas que intentan contar. Como toda relación non estará falta de conflito, sobre todo se estamos ante proxectos de longo percorrido no tempo. Se era preciso outro trazo para evidenciar a súa propia condición de comunidades aí o está: nada define a comunidade como a interacción, e a conflictividade é un

compoñente de por si da mesma. A harmonía é unicamente terreo para ideais románticos. E as mozas e mozos do PEMA e de estruturas semellantes non son neorrurais en busca das esenciais dun estereotipo de comunidade ou de rural, polo tanto, buscadores de soños falsos. Son neorrurais porque poden non ter tido relación previa e directa co medio rural ata que se achegaron a estas iniciativas ou, se a tiveron na súa orixe, agora miran este espazo a través dunha lente diferente (construída pola relación co medio urbano, polos estudos, pola emigración, etc.) pero están na procura de saberes plausibles, de manexos

reais de recursos e de fórmulas de socialización situadas.

A cultura no rural galego deixa de ser un obxecto compacto, cun destino histórico determinado, e consegue aparencia líquida, un *continuum* de posibilidades supeditado ás alteracións provocadas pola interacción destes suxeitos sociais cuxas iniciativas son agullas de calceta recentemente estreadas para acometer a frutífera tarefa de (en)redar.

“A cultura no rural galego deixa de ser un obxecto compacto, cun destino histórico determinado, e consegue aparencia líquida”